

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade”.

A VENEZUELA POST-CHÁVEZ E O FUTURO DA REVOLUCIÓN BOLIVARIANA

- a) **Introdución**
- b) **Un sucesor designado: Nicolás Maduro**
- c) **Diosdado, a FAN e o “chavismo de base”**
- d) **O futuro do “chavismo”**

a) *Introdución*

A desaparición física do presidente **Hugo Chávez Frías**, acaecida o pasado 5 de marzo, abre inevitablemente unha nova etapa política en Venezuela e, de forma tanxencial, en América Latina. Este escenario non significa, cando menos a curto e medio prazo, a eventual desaparición do seu legado político precisamente porque o “chavismo” seguirá a constituír, con toda probabilidade, a forza motriz do proceso revolucionario e a tendencia política hexemónica en Venezuela.

Non obstante, esta nova etapa afronta inevitables incertezas e interrogantes que, a longo prazo, se cernen en materia de liderado, de estilo de gobernabilidade e de cohesión social e política do “chavismo”. Na actualidade, a atención está centrada en **Nicolás Maduro**, entronizado polo propio Chávez como o seu sucesor e recentemente nomeado como presidente en funcións ata a celebración de novos comicios presidenciais, previstos para o próximo 14 de abril.

Ante esta nova conxuntura electoral, Maduro deberá poñer a proba o seu liderado contra o principal líder da oposición, **Henrique Capriles Radonski**, quen xa

perdera contra Chávez nos comicios presidenciais de outubro pasado. Considerado como o principal representante dunha especie de “chavismo civil”, Maduro deberá acometer diversos retos, en particular a consolidación do seu liderado, principalmente de cara ao “chavismo de base”, así como a continuidade do proceso revolucionario, minorando ao mesmo tempo as tensións e a polarización aínda existentes na vida pública venezolana.

Neste escenario, cómpre observar unha eventual transitoriedade baseada no pragmatismo e na busca de consensos entre os principais actores políticos venezolanos, co cometido de garantir a gobernabilidade e estabilidade deste novo escenario post-Chávez. Con Maduro á fronte do proceso, cun estilo visiblemente menos carismático e probablemente máis tecnocrático, o “chavismo” afronta o seu principal reto político, a consolidación dunha sucesión lexitimada polos altos poderes públicos e institucionais, e a necesidade de manter a cohesión e a dinámica da Revolución Bolivariana e do seu soporte ideolóxico, o Socialismo do Século XXI.

b) *Un sucesor designado: Nicolás Maduro*

A principal interrogante que se cerne na Venezuela post-Chávez centra directamente a súa atención na concreción dun novo liderado e na súa capacidade de cohesión, en especial de cara a un electorado e unhas bases sociais do movemento intimamente identificadas coa figura do desaparecido ex presidente venezolano.

Neste sentido, o contexto actual do “chavismo” gravita esencialmente en torno a un actor principal, cun liderado, cohesión política e institucional que albíscase aparentemente inalterable. Esa atención diríxese así á figura do actual presidente en funcións Nicolás Maduro (50 anos, identificado dende diversos sectores como o eventual abandeirado dunha especie de “chavismo civil”).

Maduro potencia as súas opcións a través de dúas variables: a primeira, a súa lealdade absoluta a Chávez, factor que lle conferiu a confianza necesaria para a su-

cesión; e a segunda, as súas notorias habilidades como negociador, visiblemente efectivas durante a súa xestión como ministro de Asuntos Exteriores (2006-2012) Este aspecto confirma a Maduro como unha personalidade coñecida dentro e fóra de Venezuela.

Sen menoscar a súa capacidade para revitalizar certa retórica de radicalización, o pragmatismo semella definir a concepción política substancial de Maduro, probablemente en aras de facilitar unha eventual orientación tecnocrática para o seu goberno. Neste sentido, o nomeamento como novo vicepresidente en funcións de **Jorge Arreaza** (39 anos), xenro de Chávez e ministro encargado de Ciencia e Tecnoloxía, define unha eventual variable pragmática, tecnocrática e incluso con certo matiz de carácter xeracional para este novo escenario dentro do “chavismo”.

c) Diosdado, a FAN e o “chavismo de base”

Tras Maduro, outro actor que esperta a atención é **Diosdado Cabello** (49 anos), actual presidente da Asemblea Nacional e quen, segundo o artigo 233 da Constitución Bolivariana de Venezuela, debía ter ocupado a presidencia en funcións como representante do poder lexislativo, ante a incapacidade física ou mental do presidente para asumir o seu cargo. Diosdado, como popularmente se lle coñece, controla diversos factores de peso dentro do “chavismo”, aínda que estes factores xeran encontradas e polarizadas posicións, principalmente no “chavismo de base”.

De formación militar e detentor de diversos cargos públicos durante o goberno de Chávez (deputado, ministro, vicepresidente, presidente interino e gobernador) Diosdado constitúe un “peso pesado” con importantes ramificacións de poder dentro da Forza Armada Nacional (FAN), do poder lexislativo e da cúpula gobernante do Partido Socialista Unificado de Venezuela (PSUV), así como das súas estruturas políticas e burocráticas a nivel nacional.

Ao mesmo tempo, como ministro da Secretaría da Presidencia, de Interior, de Infraestruturas e de Obras Públicas, Diosdado impulsou a creación de novos medios de comunicación comunitarios así como amparou a creación dunha elite empresarial e económica (despectivamente denominada a “boliburguesía”), cunhas ramificacións que xeran suspicacias e mesmo desconfianza entre a base militante do “chavismo”. O “chavismo de base” e os sectores opositores identifican a Diosdado como presunto líder dunha “dereita endóxena” con notorias ambicións de poder. Paralelamente, un eventual liderado de Diosdado non semella ben visto polo goberno cubano, aliado estratéxico de Caracas, apostando dende un principio por Maduro.

d) O futuro do “chavismo”

O contexto actual define unha prioridade esencial para o “chavismo”: a necesidade de consolidar a unidade inalterable do movemento, así como garantir a estabilidade e a gobernabilidade dun “chavismo” politicamente hexemónico e con maioritario arraigo popular pero conmocionado pola desaparición física do seu líder.

Outro actor clave é a Forza Armada Nacional (FAN), cunha preponderancia de carácter político que no contexto actual semella conferirlle un peso clave na gobernabilidade e estabilidade da Venezuela post-Chávez. A posición oficial da FAN de declararse “chavista” e de manifestar o seu apoio total a Maduro, confirma ao mesmo tempo a súa estratexia de converterse no polo de poder con maior capacidade de decisión no momento político actual.

A preponderancia política da FAN é evidente. Diversos ex militares ocupan altos cargos dentro do PSUV e algúns deles forman parte das elites empresariais e burocráticas impulsadas nos últimos anos. Ao mesmo tempo, un total de 10 das 20 gobernacións obtidas polo “chavismo” nas eleccións de gobernadores celebradas o pasado 16 de decembro, foron gañadas por ex militares candidatos do PSUV. Por tanto, a FAN personifica claramente esa noción e esencia dun proceso revolucionario cívico-militar impulsado por Chávez.

O cuarto actor de preponderancia, cunha visibilidade moito mais confusa en materia de liderados, o constitúe a base social do chavismo. Heteroxénea pero fortemente militante, está conformada por movementos e colectivos sociais impulsores dos cambios revolucionarios nos sectores populares; coa formación dunha Milicia Nacional de aproximadamente 120.000 efectivos, así como diversos “colectivos” e grupos armados, ideoloxicamente máis radicalizados, esperan unha transición rápida e definitiva cara un Estado socialista. Estes últimos son vistos con absoluto receo pola FAN, determinadas elites do PSUV e incluso por outros sectores civís dentro do “chavismo”. Moito máis popular e heteroxéneo, este sector aparentemente adoce de actores e líderes visibles e con capacidade de mobilización.

A pesar da énfase oficial na unidade, percíbese certa sensación de transitoriedade a medio prazo. A razón principal debese á certificación de que ningún liderado actualmente existente en Venezuela conserva o carisma, a enerxía política e a capacidade de mobilización que tiña o desaparecido Chávez. Por tanto, outéase unha

etapa de menor acento nun liderado excesivamente carismático e ideolóxico, potenciando así os niveis de consensos e pragmatismo e ata unha posible tendencia cara a burocratización do proceso revolucionario.

Deste modo, a eventual conformación dunha especie de “dirección colexiada” institucional entre Maduro, Diosdado, a FAN e o PSUV definirá momentaneamente este novo contexto político. Por tanto, e de cara aos próximos comicios presidenciais, o liderado de Maduro veríase electoral e politicamente lexitimado á vista da popularidade do “chavismo”.

No caso da oposición, principalmente agrupada en torno á Mesa pola Unidade Democrática (MUD), acudiríase á cita electoral baixo a mesma candidatura de Henrique Capriles Radonski, actual gobernador do estado Miranda. Non obstante, a oposición venezolana segue a amosar a súa heteroxénea composición, traducida en diversos actores e liderados, que lle restan capacidade electoral ante a popularidade do “chavismo”. Así e todo, o seu principal reto supón manter a cota de máis de seis millóns de votantes alcanzado nos comicios de outubro pasado, correspondente ao 45% do electorado, sendo este o maior índice electoral alcanzado por liderado algún da oposición ante o “chavismo”.

O goberno de Maduro deberá acometer paralelamente outros problemas de gran impacto na vida nacional: os elevados índices de inseguridade cidadá e criminalidade; as presións de carácter económico (elevada inflación, especialmente no sector alimenticio e a recente depreciación da moeda nacional) así como o

mantemento dun expansivo gasto público en materia social, cun aumento estimado no 27% do PIB en 2013, en particular para manter as populares misións sociais.

No relativo á política internacional, o goberno de Maduro seguirá a potenciar a Alianza Bolivariana dos Pobos da Nosa América (ALBA) e a Comunidade de Estados de América Latina e do Caribe (CELAC) como proxectos estratéxicos de integración, sopesando unha eventual remodelación nas relacións exteriores con actores clave como Cuba, EUA, China, Brasil, Rusia e Irán, entre outros. Tanto aquí como na política interna, o pragmatismo e os consensos moi probablemente despracen o estilo emocional, carismático, enérxico e ideolóxico impulsado por Chávez.

A inminencia do proceso electoral presidencial persuadirá ao goberno de Maduro para potenciar un proceso de mitificación de Chávez como factor de maior cohesión e mobilización dun electorado “chavista”, obviamente conmocionado pola desaparición do seu líder histórico. Así, e asumindo as evidentes diferenzas de contexto político e histórico, é factible considerar que o “chavismo post-Chávez” transite por un proceso similar ao acaecido co peronismo na Arxentina, tendo en conta a identificación (incluso con matices relixiosos) das bases populares do movemento co seu carismático líder.

Cómpre por tanto observar se a pluralidade e incluso atomización de actores e tendencias polas que tivo que transitar o peronismo na Arxentina contemporánea poda ter, a longo prazo, algún tipo de similitude e repercusión no futuro do “chavismo”.

IGADI. 15 de marzo de 2013.